



Poñendo os lentes para a Protección da Infancia

Difusión da Campaña do Consello de Europa para a
Prevenición da Violencia Sexual contra a Infancia 1 de cada 5

MEMORIA DE ACTUACIÓNS

2020

ÍNDICE

1. MARCO XERAL

- 1.1 Presentación
- 1.2 Contexto
- 1.3 Descrición do programa

2. INFORME DE RESULTADOS

- 2.1 Programa presencial
- 2.2 Programa online
- 2.3 Programa completo

3. CONCLUSIÓNS, PROPOSTAS E OBSERVACIÓNS

ANEXO I – VALORACIÓNS DO PROFESORADO

ANEXO II – VALORACIÓN DAS PERSÓAS FORMADORAS

ANEXO III – MEMORIA GRÁFICA

1. MARCO XERAL

1.1 Presentación

A Asociación “Abuso y Maltrato Infantil No. Galicia” (AMINO.GAL) foi constituída o 26 de xuño do ano 2014 por un grupo de profesionais de diferentes ámbitos (sanidade, educación, servizos sociais, xustiza, etc.) da Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 5 dos estatutos contempla que as súas finalidades son:

- Sensibilizar, informar e asesorar á sociedade, a colectivos e particulares e aos profesionais sobre o problema dos malos tratos na infancia en todas as súas modalidades.
- Sensibilizar, informar e asesorar á sociedade, a colectivos e particulares e aos profesionais relacionados co ámbito da protección infantil sobre a necesidade de fomentar o bo trato á infancia e adolescencia por parte de todos os axentes sociais.
- Formar e asesorar sobre malos tratos infantís, os malos tratos entre iguais e a atención á infancia e adolescencia en situación de risco e/ou desamparo a profesionais e institucións de todo tipo.
- Promocionar e desenvolver programas de defensa da infancia e adolescencia, tanto a nivel estatal coma no ámbito da cooperación internacional.
- Desenvolver sinerxias con outras asociacións ou institucións.

AMINO.Gal é a única asociación galega que pertence á Federación de Asociacións para a Prevenición dos Maltrato Infantil (FAPMI).

Dende a súa constitución, o seu traballo desenvolveuse principalmente na prevención e orientación ás familias, a organización de xornadas e seminarios formativos, así como a impartición de cursos a diferentes perfís profesionais.

1.2 Contexto

Os datos

Partindo dos datos da organización “Save the children”, estímase que o 23% das nenas e un 15% dos nenos sofre abusos sexuais antes dos 17 anos en España, con todo hai unha serie de factores clave que inflúen decisivamente nas dificultades de denuncia e persecución. Trátase de delitos que comenten as persoas de máis confianza dos/as menores, exercendo un poder que eles non poden controlar sendo moitas veces inconscientes do que lles está ocorrendo. Con todo, estes feitos velados e moitas veces silenciados, producen uns efectos psicolóxicos devastadores así como unha nefasta influencia no seu desenvolvemento evolutivo.

Faltan profesionais de todos os ámbitos, sociais, policiais, xudiciais e terapéuticos que estean especializados en como tratar e dirixirse aos menores e ademais moi especificamente na terrible problemática o abuso sexual infantil (ASI). Faltan tamén políticas públicas valentes e claramente decididas a loitar contra un inimigo invisible que se esconde nos fogares, nos colexios, nos ximnasios, alí onde haxa nenos e nenas, disposto a arrebatarlles a súa inocencia.

A pesar de todo isto, non é ata o 1 de xullo de 2010, cando aparecerá o primeiro instrumento internacional de loita directa contra o abuso sexual infantil. É a data na que entra en vigor o Convenio do Consello Europa para a protección dos nenos contra a explotación e o abuso sexual, máis coñecido como Convenio de Lanzarote.

O Convenio baseado na Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos do Neno, contempla o abuso sexual dos nenos/as como un delito, con independencia de quen sexa o autor ou do lugar no que se cometa: no fogar, nunha institución adicada o coidado dos nenos/as, a través de redes de crime organizado ou por medio da internet.

É dentro, tamén, do Consello de Europa, o 29 de novembro do ano 2010 cando se inicia en Roma a Campaña contra a violencia sexual infantil “Un de cada Cinco”, que persegue os seguintes obxectivos:

Promover a firma, ratificación e aplicación do Convenio do Consello de Europa para a protección dos/as nenos/as contra a explotación e o abuso sexual;

Proporcionar ós nenos e nenas, ás súas familias/coidadores e ás sociedades coñecementos e ferramentas para previr a violencia sexual contra os nenos, nenas e adolescentes e, deste xeito, crear conciencia acerca de todo o que constitúe violencia sexual contra as persoas menores de idade.

En España, a Campaña está sendo coordinada pola Federación de Asociacións para a Prevención do Maltrato Infantil (FAPMI), coa colaboración do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade.

En Galicia, é a Consellería de Política Social en colaboración co Ministerio e FAPMI a que ten atribuída a difusión da campaña e os materiais da mesma.

1.3 Descrición do programa

O Programa “Poñendo os lentes para a protección da infancia” é un proxecto de difusión da Campaña do Consello de Europa para a prevención da violencia sexual contra a infancia “UN DE CADA CINCO” en centros de ensinanza de Educación Infantil, Primaria e Especial das 7 grandes cidades galegas.

Os **obxectivos** do programa son os seguintes:

Xerais

- Concienciar e sensibilizar ó profesorado e as familias sobre o abuso sexual infantil na nosa sociedade.
- Proporcionar ferramentas de prevención ó profesorado, alumnado e ás familias.
- Proporcionar ferramentas de detección ó profesorado e ás familias
- Transmitir a maneira de actuar ante unha sospeita de ASI
- Dar a coñecer a mensaxe e os materiais da campaña do Consello de Europa “Un de cada Cinco”

Persoas destinatarias

Os destinatarios directos do Programa no curso escolar 2019-2020 foron nun primeiro momento os mestres e mestras dos centros de Educación Infantil, Primaria e Especial tanto públicos coma privados das cidades de A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo que quedaron sen formar no pasado curso escolar e tamén os das cidades de Pontevedra, Santiago de Compostela e Ferrol, que se engadiron neste novo curso; así coma as persoas voluntarias que se formaron para dalas charlas. Estas persoas foron na súa maioría estudantes de carreiras universitarias relacionadas co ámbito infantil (maxisterio, educación social, traballo social, pedagogía, psicoloxía...) das tres universidades galegas.

Os destinatarios indirectos serían os alumnos e alumnas dos devanditos centros educativos, así coma as súas familias.

Sen embargo, coa declaración do estado de alarma e o consecuente confinamento, adaptouse a metodoloxía para poder dar continuidade ó proxecto, pasando a realizar a formación na modalidade online. Poidendo así facilitar ós profesionais esta formación.

Principais actividades CURSO 2019-2020

Formación do voluntariado

A formación presencial do voluntariado ten lugar en Santiago de Compostela, en dúas xornadas formativas de 8 horas cada unha, os días 30 de novembro de 2019 e 1 de febreiro de 2020. Ademáis, proporcionanse recursos e materiais para que completen a súa formación a distancia, estimándose o tempo de dita formación en 24 horas. A suma total de formación é de 40 horas.

Difusión nos centros educativos (ata o 13 de marzo)

Despois de formar as parellas de voluntarios/as e de facer a correspondente asignación de centros, estas parellas comenzaron en febreiro a realizar as charlas formativas nos diferentes centros. Os centros foron contactados previamente polas coordinadoras para presentar o programa e para establecer unha data e un horario para realizar a formación.

O material amosado na charla formativa se lle facilita ós mestres/as a través de email.

Seguimento de actuacións e asesoramento

As coordinadoras dentro das súas funcións desempeñan a labor de supervisión das accións formativas dos voluntarios nos centros educativos. Dita supervisión levouse a cabo contactando sempre coas persoas voluntarias, previamente á actuación formativa con fins preparativos e posteriormente, con fins de seguimento e valoración. Dita supervisión complementouse dun modo presencial nalgunhas acutacións nas que se considerou oportuno.

Modificación da metodoloxía do programa Poñendo os Lentes creando Poñendo os Lentes ONLINE

Xustificación

O programa Poñendo os Lentes Online orixínase da necesidade de modificar a metodoloxía de traballo do programa orixinal, a raíz do confinamento polo COVID-19.

O primeiro paso para unha exitosa adaptación é por en funcionamento unha plataforma de traballo onde se dá acceso ás charlas formativas do programa de xeito telemático. Así tódolos equipos docentes interesados poden continuar coa aprendizaxe no eido da detección, notificación e prevención do abuso sexual infantil, a pesar das limitacións de mobilidade existentes.

Persoas destinatarias

O programa orixinal estaba orientado ós mestres e mestras dos centros educativos das sete grandes cidades galegas. Sen embargo, aproveitando a accesibilidade da canle decidiuse ampliar esta oferta de formación a tódolos profesionais da educación da comunidade Galega que estivesen interesados en recibir esta formación.

Metodoloxía

As adaptacións engadidas ó proxecto orixinal dentro da metodoloxía foron as seguintes:

1. Xestión dunha plataforma de inscrición para as sesións formativas.
2. Contacto con tódolos centros onde estaban proxectadas formación presenciais para ofertar "Poñendo os lentes Online".
3. Posta en marcha dunha rede de difusión do novo programa a través de dous medios e a extensión destes: o equipo de voluntariado formado e especializado e as redes sociais de AMINO Galicia (web, facebook, linkedin, instagram, etc).
4. Envío da invitación á plataforma dixital utilizada para realizar as sesións formativas e obradoiros. A plataforma utilizada foi Zoom, no seu formato profesional.
5. Fomento da participación. Nestes momentos cheos de dificultade e incertidumbre xerados polo Estado de Alarma era importante buscar tódolos medios posibles para facilitar a participación, polo que adaptouse a seguinte planificación das accións formativas aportando maior flexibilidade e accesibilidade. Ofertouse ós asistentes un pack de formación especializada conformado por unha sesión teórica e tres obradoiros prácticos.

Sesión formativa teórica

Duración: Unha hora e media

Día: Luns e mércores pola mañá e martes e xoves pola tarde

Contido da sesión:

- Tipoloxía do maltrato infantil
- Tipoloxía da violencia sexual contra a infancia
- Mitos e realidades sobre abuso sexual infantil
- Características da vítima e do agresor
- Detección do abuso sexual infantil
- Prevenición do abuso sexual infantil
- Notificación

Obradoiros de prevención de abuso sexual infantil

Duración de cada obradoiro: unha hora (clasificados por etapas educativas)

Día da realización do obradoiro: Venres pola tarde

Obradoiros:

- Obradoiro 1. A regra de Kiko (Educación Infantil)
- Obradoiro 2. Escuela de detectives (Educación Primaria)
- Obradoiro 3. YaNO+ (Educación Secundaria)

Contido dos obradoiros:

- escoitar as tripas
- Limitacións do corpo
- Diferencia entre querer ben e querer mal
- Diferencia entre segretos bos e malos
- Pedir axuda

Ferramentas aportadas nos obradoiros

- Como xestionar dun modo práctico e dinamizador os obradoiros nas aulas
- Acceso o material tanto biográfico como físico necesario para a realización dos obradoiros de prevención nas aulas.
- Exemplos prácticos e alternativas metodolóxicas para a correcta execución dos obradoiros nas aulas.

6. Docentes

Outra modificación que se levou a cabo para adaptarse á nova metodoloxía e favorecer a súa posta en marcha e éxito, foi a substitución do equipo docente constituído por voluntariado con formación especializada polas coordinadoras do proxecto, técnicas expertas en maltrato infantil. Focalizar nelas o equipo docente fixo posible a flexibilidade e mellor adaptación para maior comodidade e participación dos convocados.

Recollida e análise de datos

Unha vez rematadas as actuacións, tanto dos/as voluntarios/as como as das propias coordinadoras de maneira online, as coordinadoras recolleron e analizaron os datos rexistrados na plataforma virtual.

Avaliación do Programa

- Avaliación das sesións recibidas: Realízase a través de enquisas de valoración que son enviadas vía email a cada mestre/a ou profesional formado/a. Nese mail facilítaselles unha ligazón onde acceden para cubrir a enquisa.
- Avaliación da participación e interese do profesorado: Realízase a través dunha escala de participación e interese que é rexistrada na plataforma de coordinación do voluntariado, e son as persoas que realizan as charlas as que puntúan esta variable.
- Avaliación xeral do programa: Recóllense datos do número de centros que participaron e do número de mestres/as formados/as. No programa online, ó non existir centros participantes senón unicamente profesionais, se teñen en conta o número de profesionais formados/as.

2. INFORME DE RESULTADOS

Esta segunda edición do Programa “Poñendo os Lentes para a Protección da Infancia” se deseñou para ser desenvolta no curso académico 2019-2020. Polo que neste informe expóñense os datos obtidos neste período.

Tamén dividiremos os resultados entre o programa presencial e o programa online.

2.1 Programa presencial

Participantes

O Programa “Poñendo os Lentes para a Protección da Infancia” traballou a sensibilización, a detección e a prevención do abuso sexual infantil con **828 mestres e mestras** en **40 centros educativos** de Galicia de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Especial. Para realizar estas actuacións se contou coa participación de **66 persoas voluntarias**, aínda que non todas tiveron a oportunidade de realizar as charlas debido o confinamento.

A mostra de persoas voluntarias definitivas obtida nas sete cidades onde se desenvolveu o programa se distribúe da seguinte forma:

Cidade	Voluntarios/as
A Coruña	7
Santiago	6
Ferrol	18
Ourense	4
Pontevedra	11
Vigo	20
	66




Figura 1. Persoas voluntarias participantes

As persoas voluntarias coñeceron o programa a través das charlas realizadas en cada unha das Facultades de Ciencias da Educación de Galicia na súa maioría. Outros dos voluntarios participantes, que colaboran habitualmente con AMINO.Gal, coñeceron o programa a través da difusión feita pola propia Asociación en diferentes redes sociais.

Os centros educativos e Mestres/as formados/as se distribúen da seguinte forma:

Cidade	Centros
A Coruña	6
Santiago	8
Ferrol	8
Lugo	1
Ourense	2
Pontevedra	9
Vigo	6
	40




Figura 2. Centros participantes

Cidade	Mestres
A Coruña	140
Santiago	98
Ferrol	165
Lugo	45
Ourense	70
Pontevedra	165
Vigo	145
	828




Figura 3. Mestres/as formados/as

Por outra banda, cando se decretou o estado de alarma, había 28 centros con data de actuación establecida, que lamentablemente houbo que anular. Ademais de decenas de centros interesados e pendentes aínda de concretar unha data para realizar a formación.




Figura 4. Centros con data marcada que houbo que anular por mor do COVID-19.

As persoas voluntarias valoraron o interese e participación xeral amosado polos mestres e mestras en cada charla, obténdose os seguintes resultados:




Figura 5. Interese e participación

Coñecementos sobre abuso sexual infantil

Un dos principais obxectivos da Campaña “Un de Cada Cinco” é proporcionar coñecementos e ferramentas para previr a violencia sexual contra os nenos, nenas e adolescentes e crear conciencia sobre todo o que constitúe a violencia sexual contra a infancia.

Coa finalidade de avaliar o grado de coñecemento que teñen os Mestres e mestras de Galicia nesta materia, utilizamos diferentes indicadores: **o coñecemento previo** da Campaña “Un de Cada Cinco”, a **realización previa de actividades** de prevención de abuso sexual infantil no centro e o **coñecemento sobre os indicadores** de abuso sexual infantil.

Os resultados obtidos a través dos cuestionarios de avaliación contestados son os seguintes:

P. Coñecías a Campaña “Un de Cada Cinco” antes desta xornada?




Figura 6. Coñecemento da Campaña “Un de Cada Cinco”

P. Realizáronse actividades de prevención de Abuso Sexual Infantil no seu centro?




Figura 7. Realización previa de actividades no centro

P. Coñecías os indicadores de Abuso Sexual Infantil antes desta xornada?




Figura 8. Coñecemento sobre indicadores de Abuso Sexual Infantil

Previsión futura

Os obxectivos principais do Programa son a sensibilización e o aporte de ferramentas de detección e prevención do abuso sexual infantil para o profesorado dos diferentes centros educativos de Galicia. Un obxectivo derivado destes é a protección dos/as menores que son ou poden ser vítimas de abusos. Para avaliar este obxectivo se utilizaron dúas variables: a **percepción da competencia** ante unha sospeita e a **previsión de utilizar o material** de prevención nas aulas.

Os resultados obtidos a través dos cuestionarios de avaliación contestados son os seguintes:

P. Saberías que facer no caso de que algún dos teus alumnos te contara que é vítima de ASI?




Figura 9. Percepción de competencia ante unha sospeita de ASI

P. Pensas utilizar o material desta campaña cos teus alumnos/as?




Figura 10. Previsión de uso do material

Valoración da formación

Para avaliar as charlas formativas, os Mestres e mestras puntuaron os seguintes aspectos: o **dominio das personas formadoras**, a **necesidade** da realización desta formación e a **satisfacción xeral** coa formación recibida. Ademais puideron plasmar as súas observacións e comentarios.

Os resultados obtidos a través dos cuestionarios de avaliación contestados son os seguintes:

P. Dominio dos/as formadores/as sobre a materia




Figura 11. Dominio dos/as formadores/as

P. Necesidade da realización desta formación




Figura 12. Necesidade da formación sobre ASI

P. Satisfacción xeral coa formación




Figura 13. Satisfacción xeral

Con respecto ás observacións sinaladas polos mestres e mestras se destacan as seguintes, que fan referencia á importancia da formación en abuso sexual infantil e á cantidade de traballo que queda por facer:

“Foi unha charla necesaria e muy formativa, moi en contacto cunha realidade que está oculta.”

“É moi útil esta actividade para un docente. Esta formación tiña que ser obrigatoria. Moitas grazas por ensinarme.”

“Pedir que este tipo de actividades se manteña.”

“Dende o centro estamos interesados en que nos avisedes de futuras charlas sobre esta temática que organicedes na asociación”

2.2 Programa online

Participantes

O Programa “Poñendo os Lentes para a Protección da Infancia ONLINE” traballou a sensibilización, a detección e a prevención do abuso sexual infantil cun total de **204 profesionais** galegos/as do ámbito da educación.

Os /as profesionais formados/as segundo a provincia na que traballan se distribúe da seguinte forma:

Provincia	Profesionais
A Coruña	91
Lugo	2
Ourense	15
Pontevedra	81
Descoñecida	15
	204




Figura 14. Profesionais formados/as por provincia

Por outra banda, o número total de **inscricións** ás diferentes ofertas formativas (charla teórica e cada un dos 3 obradoiros) foi de **374**, distribuíndose do seguinte modo:

Inscrición	Asistentes
Charla	198
Didáctica obradoiro prevención Educación Infantil	60
Didáctica obradoiro prevención Educación Primaria	61
Didáctica obradoiro prevención Adolescentes	55
	374




Figura 15. Inscricións

As diferentes especialidades educativas dos profesionais que se formaron online, ampliáronse, puidendo participar profesores/as de Educación Secundaria e tamén de Formación Profesional (ademáis de Educación Infantil, Primaria e Especial), quedando a distribución tal e como se reflicte na seguinte figura:




Figura 16. Especialidade

Coñecementos sobre abuso sexual infantil

Coa finalidade de avaliar o grado de coñecemento que teñen os mestres e mestras de Galicia nesta materia utilizamos diferentes indicadores: o coñecemento previo da Campaña “Un de Cada Cinco”, a realización previa de actividades de prevención de abuso sexual infantil no centro e o coñecemento sobre os indicadores de abuso sexual infantil.

Os resultados obtidos a través dos cuestionarios de avaliación contestados son os seguintes:

P. Coñecías a Campaña “Un de Cada Cinco” antes desta xornada?




Figura 17. Coñecemento da Campaña “Un de Cada Cinco”

P. Realizáronse actividades de prevención de Abuso Sexual Infantil no seu centro?




Figura 18. Realización previa de actividades no centro

P. Coñecías os indicadores de Abuso Sexual Infantil antes desta xornada?




Figura 19. Coñecemento sobre indicadores de Abuso Sexual Infantil

Previsión futura

Os obxectivos principais do Programa son a sensibilización e o aporte de ferramentas de detección e prevención do abuso sexual infantil para o profesorado dos diferentes centros educativos de Galicia. Un obxectivo derivado destes é a protección dos/as menores, que son ou poden ser vítimas de abusos. Para avaliar este obxectivo se utilizaron dúas variables: a **percepción da competencia** ante unha sospeita e a **previsión de utilizar o material** de prevención nas aulas.

Os resultados obtidos a través dos cuestionarios de avaliación contestados son os seguintes:

P. Saberías que facer no caso de que algún dos teus alumnos te contara que é vítima de ASI?




Figura 20. Percepción de competencia ante unha sospeita de ASI

P. Pensas utilizar o material desta campaña cos teus alumnos/as?




Figura 21. Previsión de uso do material

Valoración da formación

Para avaliar as charlas formativas, os mestres e mestras puntuaron os seguintes aspectos: o dominio das persoas formadoras, a necesidade da realización desta formación e a satisfacción xeral coa formación recibida. Ademais, engadiuse unha nova pregunta relativa á necesidade da creación dun protocolo específico de actuación en caso de sospeita de ASI. E tamén puideron plasmar observacións e comentarios

Os resultados obtidos a través dos cuestionarios de avaliación contestados son os seguintes:

P. Cres necesaria a existencia dun protocolo específico a seguir ante unha sospeita de abuso sexual infantil?




Figura 22. Necesidade de protocolo de actuación ante sospeita de ASI

P. Dominio dos/as formadores/as sobre a materia




Figura 23. Dominio das formadoras

P. Necesidade da realización desta formación




Figura 24. Necesidade da formación sobre ASI

P. Satisfacción xeral coa formación




Figura 25. Satisfacción xeral

2.3 Programa completo

Contando tanto a parte presencial como a parte online, así coma o número de persoas voluntarias, a totalidade de **profesionais formados/as polo Programa Poñendo os Lentes no curso escolar 2019-2020 é de 1098 personas**, e se distribúe da seguinte maneira:

Programa	Participantes
Presencial	828
Online	204
Voluntarios/as	66
	1098




Figura 26. Total de profesionais formados no curso 2019-2020

Engadindo o número de persoas participantes no curso 2018-2019, o cómputo total de profesionais formados a través do Programa Poñendo os Lentes nestes dous cursos lectivos é de **2.247.**

3. CONCLUSIÓNS, PROPOSTAS E OBSERVACIÓNS

Principais conclusións

A implementación do Programa este ano, a pesar das dificultades derivadas do COVID-19, pode calificarse como positiva tendo en conta os resultados obtidos. É certo que a previsión era chegar a máis profesionais que o ano pasado, e a tendencia do inicio do curso indicaba que así sucedería (a mediados de marzo xa se formaran 828 mestres/as), e finalmente o número de profesionais formados/as foi practicamente igual co 2019.

Sen embargo, a valoración tanto da necesidade como da calidade desta formación é moi alta.

Ditos resultados permiten, ademais, establecer as seguintes conclusións principais:

1. NECESIDADE DE FORMAR AOS MESTRES E MESTRAS EN MATERIA DE ABUSO SEXUAL INFANTIL

A porcentaxe de mestres e mestras que teñen algún tipo de coñecemento sobre abuso sexual infantil é moi baixo. Atopamos diferenzas entre os profesionais que se formaron online (un 13% coñecían a Campaña “Un de Cada Cinco”) e os profesionais ós que formamos presencialmente (só a coñecían un 3%). O mesmo ocorre co coñecemento dos indicadores de abuso sexual infantil, sendo un 74% os profesionais formados de maneira online os que descoñecían estes indicadores e un 84% dos formados presencialmente os que non tiñan información previa sobre eles. Unha posible explicación destas diferenzas entre ambos grupos de profesionais pode establecerse na voluntariedade de inscribirse na charla de maneira online, mentres que a través do centro tódolos profesionais estaban convocados, independentemente do grao de coñecemento e sensibilización previa. Aínda así, o coñecemento sobre abuso sexual infantil entre os profesionais é en xeral moi baixo e isto contrasta cos datos de estudos españois que fan referencia a que a incidencia de violencia sexual contra a infancia se sitúa entre o 15 e o 23% (*Félix López, 1994*).

Dado que a escolarización é obrigatoria ata os 16 anos, considerase que o ámbito educativo é crucial para abordar esta temática.

2. NECESIDADE DE INCLUIR A VIOLENCIA SEXUAL CONTRA A INFANCIA COMO CONTIDO FORMATIVO DE CARÁCTER OBRIGATORIO NO GRAO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

Seguindo o argumento establecido no punto anterior, consideramos que esta formación debería estar incluída no curriculum universitario e de formación profesional pertinentes.

3. NECESIDADE DE ESTABLECER PROTOCOLOS CLAROS DE ACTUACIÓN ANTE UNHA SOSPEITA DE ASI NO SISTEMA EDUCATIVO

En numerosas ocasións o profesorado dos centros comentou a inexistencia dun protocolo de actuación ante un caso de sospeita de ASI no que hai que actuar de maneira urxente, creando así moita inseguridade entre os profesionais, ó sentir que non están respaldados. Pensamos que pode ser un obstáculo á hora de notificar ou denunciar unha sospeita por parte do profesorado. Deste xeito, decidimos incluír unha pregunta sobre esta temática, sendo o 100% das respostas de tódolos profesionais que cubriron a enquisa a mesma: **Todos/as cren que é necesaria a existencia dun protocolo específico a seguir ante unha sospeita de abuso sexual infantil.**

Propostas

A Organización de Nacións Unidas alertou que durante o confinamento aumentaría a violencia e os abusos sexuais contra menores, así coma os delitos cibernéticos, coma o acoso sexual en línea, a transmisión en vivo de abuso sexual infantil e a produción e distribución de material de abuso sexual infantil. Os datos recabados pola fundación ANAR, ademais dos aportados por outras fundacións españolas e noutros países, reflicten que efectivamente houbo un incremento de abusos durante a pandemia.

O confinamento multiplicou a vulnerabilidade dos menores que sofren violencia no fogar. As cifras sobre violencia sexual contra a infancia antes da crise polo COVID-19 xa facían necesaria unha intervención, pero agora hai moito mais motivo para ofrecer esta formación básica ó profesorado. Estes deben estar preparados para saber detectar un posible caso de violencia sexual, ter ferramentas para traballar a prevención e contar cos recursos necesarios para saber cómo actuar ante unha sospeita.

Atendendo ás conclusións extraídas dos datos do Programa, incorporando as recomendacións dos participantes e atendendo ás alertas plantexadas por diferentes organismos como a ONU e UNICEF sobre o aumento da violencia sexual contra a infancia

motivada polo confinamento, mencionadas anteriormente, plantexanse para sucesivos exercicios as seguintes propostas:

Continuidade do Programa Poñendo os Lentes na área rural

Nestas dúas edicións do Programa Poñendo os Lentes comprobamos que a formación ofertada nas 7 grandes cidades foi aceptada e valorada de maneira moi positiva. A labor sensibilizadora, o dar a coñecer esta realidade, foi tamén moi importante, xa que moitos docentes descoñecían por completo a incidencia do abuso infantil, así como os indicadores e as ferramentas de prevención.

Estes datos evidencian a necesidade de ampliar a formación a todo o territorio galego e así abordar o problema no ámbito rural, que ó noso parecer cumpre ser reforzado.

Posibilidade de formación online

O acontecido neste curso debido a pandemia mostrounos unha alternativa metodolóxica a través da formación online (complementaria coa presencial ou excepcionalmente substitutiva) con resultados moi positivos. O cal bríndanos a oportunidade de poder levar a cabo o proxecto no ámbito rural independentemente dos rebrotes do COVID-19 e as súas consecuencias, e de todos os inconvenientes que, aínda sin pandemia, poideran xurdir por mor das distancias, climatoloxía ou calquera impedimento que o propio ámbito rural pode ter.

Observacións

No desenvolvemento do curso 2019-2020, dende coordinación tivemos as seguintes percepcións:

- Foi moi positiva a inclusión de antigos voluntarios para as xornadas de difusión, xa que lles contaban as súas experiencias no programa ós/ás futuros/as voluntarios/as e isto animou bastante a participación.
- A implicación dos novos voluntarios foi moi alta, facendo unha mención especial ás docentes do CIFP Ferrolterra, que non só lle deron voz ao proxecto senón que, animaron ó seu alumnado a participar e tamén aproveitaron para traballar este tema dentro do currículo do seu centro.
- A colaboración das Universidades tamén foi satisfactoria, difundindo as xornadas de presentación e facilitándonos espazos para levalas a cabo, a excepción da Universidade de A Coruña. As oficinas de voluntariado dalgunas universidades

tamén fixeron un gran traballo ofertándonos unha canle mais ampla para contactar cos estudantes de tódalas vertentes relacionadas coa infancia.

- Os centros escolares, estiveron mais receptivos co programa, xa que tiñan referencias das actuacións feitas o curso pasado noutros centros e tivemos mais marxe temporal para contactar con eles e calendarizar as formacións.
- Existiu unha gran colaboración e resposta por parte dos docentes formados, mostrando interese no tema e en varias ocasións pedindo asesoramento posterior ás charlas a Amino Galicia, para temas e dúbidas que lles xorden relacionadas co seu alumnado.
- Os profesionais transmiten á súa intencionalidade de traballar a prevención do abuso sexual infantil a través dos materiais facilitados, así como o seu interese en seguir participando en formacións desta temática.
- Comprobamos que algún dos profesionais formados de maneira online se inscribiron dende diferentes puntos de Galicia, facendo visible a necesidade e a demanda de formación en todo o territorio galego.

ANEXO I – VALORACIÓNS DO PROFESORADO

Enquisa de valoración da charla recibida

Especialidade: Infantil Primaria Especial

¿Coñecías a campaña 1 de cada 5 antes desta xornada? Sí Non

En caso afirmativo, ¿onde a coñeciches?

¿Realizáronse actividades de prevención de Abuso Sexual Infantil no seu centro?

Sí Non

¿Coñecías os indicadores de Abuso sexual infantil antes desta xornada? Sí Non

¿Pensas utilizar o material desta campaña cos teus alumnos/as? Sí Non

¿Saberías que facer no caso de que algún dos teus alumnos te contara que é vítima de ASI? Sí Non

Cres necesaria a existencia dun protocolo específico a seguir ante unha sospeita de abuso sexual infantil? Sí Non

Satisfacción coa xornada

Dominio dos formadores sobre a materia:

Moi baixa Baixa Regular Alta Moi alta

Necesidade da realización desta formación:

Moi baixa Baixa Regular Alta Moi alta

Satisfacción xeral coa formación:

Moi baixa Baixa Regular Alta Moi alta

Observacións e comentarios

ANEXO II – VALORACIÓN DAS PERSOAS FORMADORAS

Rexistro e valoración das persoas formadoras

Data:

Nome do Centro:

Poboación:

Nº de asistentes:

Interese e participación: (Moi alto, Alto, Regular, Baixo, Moi Baixo)

Observacións:

ANEXO III – MEMORIA GRÁFICA



1ª xornada de Formación presencial do voluntariado en Santiago en novembro de 2019



2ª xornada de Formación presencial do voluntariado en Santiago en febreiro de 2020



Charla formativa no CPR Plurilingüe Divina Pastora, Ourense



Charla formativa no CEIP Emilia Pardo Bazán, A Coruña



Material aportado ás personas voluntarias